

Día das Letras Galegas

Begoña Caamaño

Todos os **17 de maio**, en Galicia, celébrase o Día das Letras Galegas. Unha data que ademais de exaltar a lingua galega e homenaxear a publicación de "**Cantares galegos**" (a maior obra da raíña da literatura galega: Rosalía de Castro), busca facer homenaxe a autores ou defensores destacables do galego. O 20 de xuño do 2025, a Real Academia Galega decidiu adicarlle este día a Begoña Caamaño.

A involucración nos temas sociais (especialmente as desigualdades de xénero) ou a súa adicación por fomentar activamente a lingua e cultura galega foron parte dos motivos polos que foi elixida como figura para este ano 2026.

Foi xornalista e escritora de dúas grandes obras da literatura galega contemporánea, onde reinterpreta mitos clásicos cunha perspectiva actual e profunda, é por iso que podemos afirmar que Begoña Caamaño era unha persoa clave para entender a Galicia actual.

Begoña naceu en Vigo o 14 de outubro de 1964 e creceu na casa da súa avoa, onde comezou a súa paixón pola literatura grazas á súa nai e ao seu avó. Descubriu o feminismo de pequena, nas clases de María Xosé Queizán, e desenvolveu un espírito crítico que se consolidou durante a súa adolescencia en Coia, liderando protestas estudantís.

Formada inicialmente en Maxisterio, Begoña decántase polo xornalismo tras un curso en Radio Noroeste en 1986. Traballou en Radio Popular e, desde 1989, na Radio Galega, usando o xornalismo como ferramenta ética. A súa implicación, especialmente durante o Prestige en 2002, levouna a dimitir por esgotamento, pero continuou activista no feminismo, antimilitarismo e defensa do galego.

Como escritora, publicou a súa primeira novela aos 45 anos, **Circe ou o pracer do azul** (2009), seguida de **Morgana en Esmelle** (2012), reescribindo mitos masculinos e dando voz ás mulleres silenciadas pola historia. Faleceu prematuramente en 2014, deixando obras inconclusas, e será homenaxeada no Día das Letras Galegas 2026 pola súa voz singular, compromiso social e achega á cultura galega.

BegoZine



Fanzine Colaborativo
Multimedia

DÍA DAS LETRAS GALEGAS
17 DE MAIO

**BEGOÑA
CAAMAÑO**

